CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA LEVAR A CABO O ACONDICIONAMENTO DOS ESPAZOS DA AMTEGA NO EDIFICIO DO CENTRO DE INNOVACIÓN CULTURAL DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.

En Santiago de Compostela, na data da última sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte a **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA (ou Fundación)**, con domicilio social na Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provista do NIF G15721640. A Fundación está inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 73.

Está representada neste acto pola súa Directora-Xerente, dona Ana Isabel Vázquez Reboredo, conforme aos poderes outorgados para o efecto polo Padroado da Fundación o 16 de decembro de 2016, poder escriturado ante notario o día 19 de decembro de 2016.

E, doutra parte **AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (ou Amtega),** con domicilio fiscal no Edificio Administrativo San Caetano, s/n, de Santiago de Compostela (A Coruña) e provista do NIF Q1500382E.

Está representada neste acto pola súa Directora, dona Mar Pereira Álvarez, cargo para o que foi nomeada polo Consello da Xunta na súa reunión do 15 de marzo de 2012, en función das atribucións que lle confiren os artigos 5º e 15º do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

As Partes manifestan ter e recoñécense, mutua e reciprocamente, a capacidade xurídica necesaria para outorgar o presente documento, para cuxos efectos,

EXPOÑEN

I.- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** é unha fundación do sector público galego, sen ánimo de lucro, declarada de interese cultural pola Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, e cuxo obxecto, recollido no artigo seis dos seus Estatutos, é "*a creación, explotación e promoción de areas ou centros de conservación, produción, exhibición y consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural*".

II.- Que conforme aos seus estatutos, para a consecución dos obxectivos mencionados no apartado anterior, a fundación pode realizar as seguintes actividades:

a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.

b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías. […]

CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

e) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada. […]

g) As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

h) As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico."

III.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da Cidade da Cultura de Galicia (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no Monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viais, áreas de lecer e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste sentido, a Fundación Cidade da Cultura é propietaria do edificio Centro de Innovación Cultural e de Modernización Tecnolóxica de Galicia (CINC), no que se localiza a sede da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia e o "Espazo Empresas", que alberga a distintas empresas e que na actualidade presta servizos sobre proxectos estratéxicos da Axencia que requiren coordinación entre diferentes empresas ou coordinación coa Amtega.

IV.-Que a **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** creouse mediante o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos. Este decreto regula tanto as súas competencias e funcións como a súa organización e estrutura, o réxime do seu persoal, o réxime económico-financeiro e patrimonial, así como os principios que a orientarán na súa actuación.

A Amtega é unha axencia pública autonómica que ten como obxectivos básicos a "definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no eido das tecnoloxías da información e a comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico".

V.- Que a Amtega publica periodicamente o contrato de xestión que establece os compromisos que ten que cumprir a Amtega no ámbito de actuación ao que estende a súa actividade en virtude das competencias atribuídas polo seu decreto de creación. O contido deste contrato de xestión se aproba, en termos de proposta, polo Consello Reitor da Amtega e, con carácter definitivo, polo Consello da Xunta de Galicia.

VI.- Que o Goberno galego a través da Estratexia Galicia Dixital 2030, liderada pola Amtega e ten o obxectivo de facilitar a transición cara a unha sociedade máis dixital e ecolóxica, o cal constitúe unha prioridade comunitaria fundamental para potenciar a revitalización da economía e asegurar unha senda de crecemento sostible.

Para abordar a misión proposta, e tomando como base os logros acadados no ámbito dixital en Galicia nos últimos anos e o novo contexto social, económico e tecnolóxico, defínense os seguintes elementos que conforman os cimentos fundamentais da Estratexia: 7 EIXES ESTRATÉXICOS que potenciarán solucións dixitais para contribuír a dar resposta aos novos retos globais baixo un enfoque integrado de rexión que asegure á cidadanía no centro e se

Xacobeo 21·22
CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

oriente cara á construción dunha Galicia máis sostible nas súas tres vertentes: social, económica e medio ambiental.

1) Goberno e Administración Intelixente; consolidando un goberno dixital, máis eficaz e eficiente que ofreza máis e mellores servizos, baseándose na xeración de valor mediante a xestión intelixente dos datos, que responda ás necesidades e expectativas da cidadanía, facilitando a participación da mesma e, de forma proactiva, informando e comunicando as súas decisións e actuacións baixo un enfoque centrado na cidadanía.

2) Sociedade Dixital e Inclusiva; dotando ao conxunto da cidadanía da capacitación dixital necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no contexto dixital, apoiando a adquisición das competencias dixitais básicas, así como o pensamento crítico, a creatividade ou a xestión da carreira ao longo de toda a vida, a través da aprendizaxe permanente.

3) Entorno Dixital para a Saúde e o Benestar Social; traballando por un entorno intelixente centrado nas persoas e no seu benestar ao longo de todo o ciclo vital a través do uso eficiente das tecnoloxías dixitais para mellorar a saúde e a autonomía persoal, contribuíndo a mitigar os riscos para a saúde e a protección da poboación, e reforzando a robustez e sostibilidade dos sistemas e servizos sociosanitarios.

4) Territorio Intelixente, Verde e Resiliente.; avanzando cara a un territorio máis sostible, máis verde e resiliente, mellorando a xestión e o coñecemento do territorio para fortalecer a cohesión territorial, a preservación medio ambiental e a acción polo clima, a sostibilidade dos recursos e ecosistemas naturais, a seguridade e a prevención de riscos sociais e ecolóxicos.

5) Conectividade Dixital do Territorio; promovendo unha Galicia máis integrada e conectada, asegurando o acceso á conectividade dixital para todos e avanzando na transición cara a un sistema intelixente de transporte e mobilidade conectado, sostible e seguro como factores esenciais para garantir a vertebración económica, social e territorial.

6) Cultura e Turismo Intelixente; potenciando unha Galicia máis aberta, accesible e interactiva, impulsando o uso de tecnoloxías dixitais para o fomento da competitividade do turismo, a dinamización do patrimonio e a produción cultural e a construción dunha identidade cultural máis aló dun ámbito territorial ou temporal determinado.

7) Economía Dixital e Sostible; impulsando a transición dixital do modelo produtivo como factor fundamental para o aumento da competitividade, o emprego e a xeración de valor do tecido empresarial permitindo mellorar a produtividade, a xeración de novos produtos, servizos e modelos de negocio, e facilitar o cambio cara a unha economía circular, eficiente no uso de recursos e de baixa emisión de carbono.

VII.- Que para a satisfacción deste obxectivos, e para os efectos de facilitar a debida coordinación coas empresas adxudicatarias dos seus contratos de servizos, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Amtega asinaron 22 de outubro de 2013, un primeiro convenio co fin de poñer a disposición de terceiras empresas espazos libres situados na planta baixa do Edificio CINC, para os efectos de facilitar a coordinación de proxectos estratéxicos da Amtega coas ditas empresas. Igualmente o 12 de abril de 2019, Amtega e Fundación Cidade da Cultura de Galicia asinaron un segundo convenio que ampliaría estes acordos ata finais de 2021 e o 17 de decembro de 2021 asinaron un terceiro convenio que ampliaría estes acordos cunha vixencia de 4 anos adicionais.

CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

VII.- Que para a satisfacción dos obxectivos mencionados no apartado VI, é necesario levar a cabo unha serie de reformas e dotación de mobiliario que permita desenvolver as actividades propias da Axencia de forma óptima, tanto nos espazos ocupados pola Axencia, como nos espazos ocupados polas empresas que prestan servizos sobre proxectos estratéxicos da Axencia que requiren coordinación entre diferentes empresas ou coordinación coa Amtega.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura do presente convenio, consonte as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Amtega e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia para o financiamento do acondicionamento dos espazos no Edificio do Centro de Innovación Cultural da Cidade da Cultura de Galicia que se mencionan a continuación.

Espazos ocupados por persoal da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia:

- Espazos 2ª planta zona dirección AMTEGA
- Espazos Pool planta baixa na cola do edificio CINC
- Espazos Pool planta alta na cola do edificio CINC

Espazos ocupados por empresas para os efectos de facilitar a coordinación de proxectos estratéxicos da Amtega coas ditas empresas, situados na planta baixa do Edificio CINC:

- Local “cociña” nº 105 planta 0. Superficie útil: 206,95 m^2
- Local “cociña” nº 106 planta 0. Superficie útil: 13,28 m^2
- Local “cociña” nº 108 planta 0. Superficie útil: 7,10 m^2
- Local “comedor” nº 126 planta 0. Superficie útil: 174,38 m^2
- Local “comercial” nº 128 planta 0. Superficie útil: 123,38 m^2
- Local “CXR” nº 212 planta 1. Superficie útil: 131,23 m^2

SEGUNDA.- ACTUACIÓNS A REALIZAR

As actuacións a realizar son as recollidas no anexo “**Requisitos Reforma AMTEGA CIDADE DA CULTURA**”, que se orzamentan nun importe máximo de **TRESCENTOS MIL EUROS (300.000,00 €).**

Adicionalmente, levarase a cabo o acondicionamento de espazos no CPDi para vestiarios do persoal de seguridade.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN

As obrigas da Fundación Cidade da Cultura serán as seguintes:

- Realizar cantas accións resulten precisas para a correcta e completa execución das actuacións previstas neste convenio

CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Definir os proxectos para levar a cabo as actuacións contempladas na cláusula segunda para o desenvolvemento do presente convenio.
- Executar os proxectos para o desenvolvemento das actuacións previstas na cláusula segunda, a través dos procedementos de contratación que correspondan.
- Realizar o seguimento dos proxectos que execute a entidade no marco do presente convenio.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas no suposto de inexecución das actuacións obxecto do presente convenio, de incumprimento da xustificación dos gastos correspondentes.

CUARTA.- OBRIGAS DA AMTEGA

As obrigas da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia serán as seguintes:

- Realizar cantas accións resulten precisas para a correcta e completa execución das actuacións previstas neste convenio
- Achegar o financiamento previsto na cláusula quinta do presente convenio.
- Apoiar á Fundación Cidade da Cultura de Galicia na definición dos proxectos para levar a cabo as actuacións contempladas na cláusula segunda para o desenvolvemento do presente convenio.
- Facilitar toda a información necesaria para levar a cabo as actuacións, garantindo a corrección e veracidade das mesmas e destinar os recursos necesarios que fagan posible a correcta execución das ditas actuacións.

QUINTA.- FINANCIAMENTO

A AMTEGA financiará as actuacións que se derivan da sinatura e execución do presente convenio por un importe máximo estimado de **TRESCENTOS MIL EUROS (300.000,00 €)** con cargo ao seu orzamento para os anos 2022 e 2023.

Este importe corresponde á estimación do orzamento máximo de execución das obras. O importe exacto determinarase unha vez realizada a redacción do proxecto, que está levando a cabo a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Os maiores gastos que se deriven da execución do contrato sobre o orzamento de adxudicación, derivados de modificacións contractuais, revisión de prezos ou liquidacións, corresponderán á Amtega e requirirán dunha previa addenda a este acordo de colaboración na que se contemple a retención dos maiores créditos precisos. En calquera caso a aprobación de revisións ou modificacións do contrato precisarán a conformidade previa da Amtega

O importe correspondente a dita achega será obxecto de retención de crédito na aplicación orzamentaria seguinte:

Xacobeo 21·22

CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	2022	2023	TOTAL
04.A1.571A.622.0	250.000,00 €	50.000,00 €	300.000€

Con carácter previo ao inicio dos expedientes de contratación acreditarase a plena dispoñibilidade das cantidades que achegará a Amtega, mediante a incorporación deste convenio formalizado e certificado de existencia de crédito e retención correspondente na aplicación dos orzamentos de gastos da Amtega

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia xustificará ahs inversións realizadas nas actuacións definidas na cláusula segunda, mediante certificación emitida pola directora xerente da entidade ou polo director económico-financeiro. Esta certificación quedará ao obxecto de comprobación e aceptación por parte da AMTEGA. Con cada certificación emitida, e trala súa comprobación e aceptación por parte da AMTEGA, procederase ao pagamento da parte correspondente á actuación realizada.

A realización das actividades e/ou actos e negocios xurídicos necesarios para a execución dos traballos deste convenio por parte da Fundación Cidade da Cultura de Galicia efectuarase a título gratuíto, sen que exista retribución ou tarifa

SEXTA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio terá efecto dende o momento da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de xuño de 2023, sen prexuízo das posibles prórrogas que poidan acordarse nos termos establecidos no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Establécese unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por un mínimo de dous representantes por cada unha das partes asinantes deste convenio. Os membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas que estes designen. A substitución, con carácter definitivo ou temporal, de calquera dos membros da Comisión de Seguimento, será anunciada na convocatoria de reunión correspondente, e quedará debidamente reflectida na acta da mesma.

Esta comisión estará presidida por un dos representantes da AMTEGA, e actuará como secretario un dos representantes da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

A Comisión de Seguimento asumirá, entre outras, as seguintes funcións:

- Supervisar a execución dos proxectos.
- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que se deriven do presente convenio.

CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A comisión reunirase en sesión constitutiva no prazo dun mes dende a sinatura do convenio e poderá reunirse cantas veces estimen oportuno as partes, para mellor cumprimento e execución deste convenio, e por iniciativa de calquera delas.

OITAVA.- MODIFICACIÓN

De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector publico autonómico o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou, no caso de que este convenio teña carácter plurianual, a ampliación do seu prazo de execución.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O presente convenio poderá ser resolto por acordo de ambas as partes ou por decisión unilateral de unha delas, motivada polo incumprimento das súas obrigas pola outra parte, o que deberá comunicarse á outra con tres meses de antelación.

Así mesmo, serán causas de resolución a decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio e o transcurso do prazo da súa vixencia sen que se teña acordado a súa prórroga

En caso de non execución das actuacións, a Fundación restituirá as cantidades achegadas pola AMTEGA.

DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS

Ambas as partes comprométense a dar cumprimento á normativa vixente en cada momento de protección de datos persoais, de conformidade co especificado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección dos datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPD), a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante que sexa de aplicación. No caso de que, para a prestación dos servizos obxecto do presente convenio, fora necesario que calquera dos asinantes accedese a datos persoais dos que resultase responsable a outra parte, darán cumprimento ás obrigas previstas no artigo 28 do RXPD, e en ningún caso os aplicarán ou utilizarán para fins distintos ao obxecto do presente convenio.

UNDÉCIMA.- DISCREPANCIAS

As eventuais discrepancias derivadas do presente convenio que non poidan ser resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula sexta, resolveranse polo procedemento previsto no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, para os conflitos de atribucións.

DUODÉCIMA.- NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se

Xacobeo 21·22
CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2017/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.
E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo por duplicado exemplar no lugar e data sinalados no encabezado.

Pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia	**Pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)**
Ana Isabel Vázquez Reboredo Directora Xerente	Mar Pereira Álvarez Directora

Anexo I: Imaxes e planos reacondicionamento de espazos.
Anexo II: Detalle Requisitos Reforma AMTEGA na CIDADE DA CULTURA.

CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Anexo I: Imaxes e planos reacondicionamento de espazos.

A continuación, detállanse os planos coa distribución coa que quedará o mobiliario, apoiándose nalgúns casos en imaxes coa renderización aproximada de como deberían quedar.

No referente ás cabinas acústicas, deberá terse en conta que a distribución recollida nos planos é a dunha situación futura na que se complete a adquisición do total de cabinas previstas, non estando incluídas todas no alcance deste convenio. Nos planos recóllense a totalidade de cabinas porque a futuro está previsto adquirir máis e é importante que quede "reservado" o espazo:

- Na zona de "cociña", no canto de 3 cabinas monopraza e 2 dobres, dentro do alcance deste convenio están previstas 2 cabinas monopraza e 1 dobre.
- Na zona de comedor, no canto de 2 cabinas monopraza e 2 dobres, dentro do alcance deste convenio están previstas 1 cabina monopraza e 1 dobre
- Na zona de CGR, no canto de 2 cabinas monopraza, dentro do alcance deste convenio están previstas 1 cabina monopraza
- No pool planta alta, no canto de 2 cabinas monopraza e 1 dobre, dentro do alcance deste convenio están previstas 1 cabina monopraza e 1 dobre
- No pool planta baixa, no canto de 4 cabinas monopraza e 2 dobres, dentro do alcance deste convenio están previstas 2 cabinas monopraza e 1 dobre
- No local comercial, no canto de 2 cabinas monopraza, dentro do alcance deste convenio están previstas 1 cabina monopraza



AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo 21·22

CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Zona Cocina • Comedor

Ciudad de la Cultura

1 Pasta alisadora
2 Moqueta 50x50 Elevation III
3 Pasteado de paredes alicatadas y posterior pintura ral 9010
4 Pintura blanca ral 9010



01. Ciudad de la Cultura | Espacios Cocina . Comedor

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

Cabina acústica I.

■ cabinas MONOPLAZA | BIPLAZA

02. Ciudad de la Cultura | Vistas 3D | Espacios Cocina . Comedor

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Cabina acústica II.

- cabinas MONOPLAZA | BIPLAZA

03. Ciudad de la Cultura | Vistas 3D | Espacios Cocina . Comedor

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

Área polivalente I.

- asiento LET'S SIT de Forma 5

- panel acústico HEXÁGONO

- pouf CYL de Forma 5

- mesa LET'S MEET de Forma 5

04. Ciudad de la Cultura | Vistas 3D | Espacios Cocina . Comedor

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Área polivalente II.

asiento LET'S SIT de Forma 5

taquilla CAMPUS de Forma 5

pouf CYL de Forma 5

mesa LET'S MEET de Forma 5

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

Espacio Colaborativo.

taburete LET'S de Forma 5

panel acústico HEXÁGONO

mesa LET'S MEET de Forma 5

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo 21·22

CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Taquillas.

- taquilla unipersonal CAMPUS de Forma 5



07. Ciudad de la Cultura | Vistas 3D | Espacios Cocina . Comedor

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

Espacios Dirección

Ciudad de la Cultura

1 Sala de reunión
2 Despacho Vicexerencia
3 Despacho Prensa
4 Almacén | Taller

08. Ciudad de la Cultura | Espacios Dirección

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Espacios CGR
Ciudad de la Cultura

1 Despacho compartido
2 Puesto operativo Departamento de Contratación
3 Puesto operativo Departamento de Orzamentos
4 Cabina acústica monoplaza

09. Ciudad de la Cultura | Espacios CGR

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

Pool planta alta
Ciudad de la Cultura

1 Despacho con mesa reunión
2 Despacho
3 Open Space
4 Cabina acústica monoplaza
5 Cabina acústica biplaza

10. Ciudad de la Cultura | Pool planta alta

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Pool planta baja
Ciudad de la Cultura

1 Despacho individual
2 Despacho doble
3 Open Space
4 Cabina acústica monoplaza
5 Cabina acústica biplaza
6 Espacio colaborativo
7 Taquillas
8 Área de reunión

11. Ciudad de la Cultura | Pool planta baja

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

CINC planta baja.
Ciudad de la Cultura

1 Bench 10 plazas
2 Cabina acústica monoplaza
3 Espacio colaborativo
4 Taquillas
5 Área relax



12. Ciudad de la Cultura | CINC planta baja

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Anexo II: Detalle Requisitos Reforma AMTEGA CIDADE DA CULTURA.

A continuación detállase unha estimación do equipamento, materiais e actividades que se consideran necesarias para levar a cabo as reformas obxecto do presente convenio.

En todo caso, debe entenderse como unha estimación para acadar os obxectivos recollidos no Anexo I. Os materiais detallados neste apartado poderán ser substituídos por outros equivalentes ou similares.

Estase tendo en conta que poderase reutilizar o mobiliario que deixe de ter uso debido á reestructuración dos espazos.

1. ACTUACIÓNS PREVIAS

1.1 PROTECCIÓN DE CHANS, PORTAL E ASCENSOR

Partida alzada polos traballos e materiais necesarios para a protección dos elementos existentes no edificio para reformar durante a execución da obras, así como ascensor e zonas comúns de portal e corredores do edificio, para evitar deterioracións durante o carrexo de materiais e cascallos derivados dos traballos a desenvolver.
Nesta mesma partida esta prevista a limpeza superficial diaria (varrido) de ascensor, descansillos e portal

1.2 DESMONTAXE E PASIVADO INSTALACIÓN ELÉCTRICA

Partida alzada polo desmonte e pasivado da instalación eléctrica existente que debe ser reformada, especialmente as caixas e mecanismos situados o os tabiques para demoler.

1. AISLAMENTO ACÚSTICO

Subministración e instalación de placas de escuma ISINAC ou similar, para absorción acústica en diferentes dimensións e de 40mm de espesor. Instalación adhesiva en cor gris. Clasificación de reacción ao lume, c- s2-d0 segundo UNE EN 13501-1:2018, e absorción acústica media a 1000 Hz-0.9, segundo anexo B,UNE EN ISO 354:2004. Avaliación segundo UNE-EN ISO 11654:1998. Con certificado OEKO TEXT ESCUMA BASF, verificando que non hai nin nos téxtiles nin nas fases de fabricación, substancias nocivas para a saúde.
Formada por:

- Teito: 535 pezas cadradas 57x57cm de 40mm de espesor
- Parede: 14ud, conxunto de hexágonos con tecido en espesor variable 3ud de 20mm, 3ud de 40mm, 3ud de 60mm e 3 ud de 80mm

1. PAVIMENTOS

3.1 PASTA NIVELADORA (455,132 m^2)

Capa fina de pasta niveladora de chans CT - C20 - F6 segundo UNE-EN 13813, de 2 mm de espesor, aplicada manualmente, para a regularización e nivelación da superficie soporte interior

Xacobeo 21·22

CVE: dOh10QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

de formigón ou morteiro, previa aplicación de imprimación monocomponente a base de resinas sintéticas modificadas sen disolventes, de cor amarela, preparada para recibir pavimento cerámico, de cortiza, de madeira, laminado, flexible ou téxtil. Mesmo banda de panel ríxido de poliestireno expandido para a preparación das xuntas perimetrais de dilatación.

1.2 PERFIL CAMBIO PAVIMENTO (9,732 ml)

Subministración e montaxe de perfil para cambio de pavimento, en aceiro inox. Fixación con adhesivo ou fixación mecánica.

1.3 PAVIMENTO DE MOQUETA EN LOSETAS DE 50X50 ELEVATION III (455,13 m2)

Subministro e colocación de moqueta ELEVATION III - INTERFACE ou similar, fornecida en lousas de 50x50 cm, colocada con adhesivo de contacto. Pavimento téxtil modular bucle de baixo perfil con deseño. 100% poliamida reciclada tintada en masa. Clasificación ao tráfico segundo EN 1307 33 tráfico intenso, Resistencia a cadeiras con rodas =2,4 (EN 985) Uso Continuo, Inflamabilidade (EN ISO 9239-1) Euroclass Cfl- s1 (EN 13501-1) Bfl- s1 Baixo pedido, solidez de cor =7 (ISO 105- B02), valor de reflexión da luz (LRV)
Valor LRV – L 55.7, Valor LRV – E 23,61. Estabilidade dimensional =0,2% (ISO 2551/EN 986). Impacto illamento acústico ALw EN ISO 10140-3 16 Db.
Clasificación de absorción de son EN ISO 11654 0.15. Calidade do aire interior
GUT Prodis IDE 17E5CE5A, Francés A+ GLP 100209, Emission Certification - CQB. Carbono incorporado 2.47 kg CO2 eq./m², ciclo de vida completo de carbono CERTIFICADO CARBON NEUTRAL FLOORS™.

2. REVESTIMENTOS

4.1. PASTEADO SOBRE ALICATADO PARA PINTAR (756,14 M²)

Man de obra e materiais necesarios para pasteado sobre alicatado existente para preparación de soporte ao posterior pintado.

4.2. PINTURA BLANCA RAL 9010 (1.211,27 M²)

Man de obra e materiais necesarios para acabado en pintura plástica branca RAL 9010, lavable e antimofo, en paredes e teitos.

1. CARPINTERÍA INTERIOR - ESPACIO CGR

5.1 MAMPARA MONOVIDRIO PERFILERÍA OCULTA 6+6 (166,97 m²)

Subministración e instalación de partición desmontable LINE de perfilería oculta, módulo D ou similar: vidreiro na súa totalidade con 1 vidro centrado. Modulación estándar de 1.200 mm. Espesor total de 40 mm. Formado por unha estrutura perimetral de aceiro galvanizado Sendzimir e marcos de aluminio 6060-76, calidade segundo norma EN 10.346:2009 (DX51D+ Z). Elementos metálicos vistos con tratamento previo de desengraxe e aplicación electrostática de po poliéster ou epoxi, polimerizado en forno a 200º C, con espesor de capa de pintura de

Xacobeo 21·22
CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

50/90 micras e tolerancias en cor medidas segundo DIN 5033. Rodapé e coroación remetidos formando a partición unha chaga co chan e o teito de 13 mm. Vidros de 6+6 mm con butiral, unidos por unha xunta solapada ou enrasada de polimetacrilato de metilo PMMA ou de cinta de dobre cara. Desmontabilidade dos vidros independente da estrutura. Illamento acústico de 35 dB para 1 vidro de 6+6 segundo norma UNE 74040. Reinstalación e intercambiabilidade dos módulos. Sistema de xestión da calidade ISO 9001:2008 certificado por LLOYD' S REGISTER QUALITY ASSURANCE. Todos os elementos necesarios incluídos para a súa instalación. Fornecido e instalado por distribuidor homologado polo fabricante.

1.2 PORTA BATIENTE MONOVIDRIO (18 unidades)

Subministración e colocación de partición desmontable LINE de perfilería oculta, módulo G ou similar: de porta de vidro con traveseiros ata o teito. Modulación estándar de 994 mm de oco entre rodapés. Espesor total de 90 mm. Formado por unha estrutura interior de aceiro galvanizado Sendzimir e marcos de aluminio 6060- T6, calidade segundo norma EN 10.346:2009 (DX51D+ Z). Elementos metálicos vistos con tratamento previo de desengraxe e aplicación electrostática de po poliéster ou epoxi, polimerizado en forno a 200º C, cun espesor da capa de pintura de 50/90 micras e tolerancias en cor medidas segundo DIN 5033. Folla de porta adoito/teito de vidro de 8 mm tépedo enmarcado por perfís de aluminio pintados, de 928 mm de anchura e 40 mm de espesor. Ferraxe tipo manilla Tesa ou Hoppe con fechadura. Reinstalación e intercambiabilidade dos módulos. Sistema de xestión da calidade ISO 9001:2008 certificado por LLOYD' S REGISTER QUALITY ASSURANCE. Todos os elementos necesarios incluídos para a súa instalación. Fornecido e instalado por distribuidor homologado polo fabricante.

2. INSTALACIÓNS

6.1 ILUMINACIÓN

6.1.1 LUMINARIA SUSPENDIDA LINEAL TROMILUX 2,390 M. (11 unidades)

Subministración e colocación de luminaria suspendida lineal de 2,390 mts., con p. p de accesorios necesarios para a súa montaxe. Totalmente instalado e funcionando. TROMILUX 4566 ou similar, con p. p de accesorios necesarios para a súa montaxe. Totalmente instalado e funcionando. Con proxección de luz descendente e ascendente. Difusor en policarbonato opalino ou micro prismático. Driver incorporado. Florón estándar: superficie redondo. Corpo de aluminio extruido con posibilidade de pintar en diferentes cores. Fonte de alimentación integrado 220-240CV 50/60 Hz. LED MacAdam 3 · 80.000 h @ L80. B10 · Ta25° C · CRI 80. Normativa EN 60598-1:2015, EN 60598-2-1:2012, IEC 60529, EN 50581:2012, IEC 61000-3-2:2014, EN 61547:

6.1.2 LUMINARIA SUSPENDIDA LINEAL TROMILUX ,55 M. (3 unidades)

Subministración e colocación de luminaria suspendida lineal de 1,55 mts., con p. p de accesorios necesarios para a súa montaxe. Totalmente instalado e funcionando. TROMILUX 4566 ou similar, con p. p de accesorios necesarios para a súa montaxe. Totalmente instalado e funcionando. Con proxección de luz descendente e ascendente. Difusor en policarbonato opalino ou micro prismático. Driver incorporado. Florón estándar: superficie redondo. Corpo

Xacobeo 21·22
CVE: dOh10QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

de aluminio extruído con posibilidade de pintar en diferentes cores. Fonte de alimentación integrado 220-240CV 50/60 Hz. LED MacAdam 3 · 80.000 h @ L80. B10 · Ta25° C · CRI 80. Normativa EN 60598-1:2015, EN 60598-2-1:2012, IEC 60529, EN 50581:2012, IEC 61000-3-2:2014, EN 61547

3. MOBILIARIO

7.1 ZONA COCIÑA – COMEDOR

7.1.1. SALA 1

7.1.1.1. A – ÁREA RELAX – POLIVALENTE

7.1.1.1.1 MÓDULO DE ASENTO MODELO LET´S SIT (5 unidades)

Módulo de asento modelo LET' S SIT - FORMA 5, ou similar. Base fixa realizada en balea calibrada de aceiro, de 11 mm de diámetro acabado pintado epoxi. Interior de asento e respaldo en madeira maciza, combinada con taboleiro de partículas e de fibras, recuberto por escumas de varias densidades, 30 kg/ m³ no corpo principal, recuberto por unha manta de fibra de 150 e 300 g/m² e finalmente, cubrindo as caras verticais unha escuma de 60 kg/ m³. Totalmente tapizado con tecido Synergy: 95% Lana Virxe, 5% Polyamida, tinguiduras non metálicas. Resistencia á abrasión: = 100.000 Martindale ciclos. Certificado ECODISEÑO segundo ISO 14006:2011. Segundo UNE-EN 1639:2013 : “Mobiliario. Resistencia, durabilidade e seguridade. Requisitos para asentos de uso non doméstico.”

7.1.1.1.2 MESA MODELO LET´S MEET (2 unidades)

Mesa modelo LET´ S MEET - FORMA 5, similar, de medidas Ø80x73,4 h cm. Estrutura formada por columna central en aceiro, de Ø60 mm e apoios en inxección de aluminio con niveladores en polipropileno. Conxunto acabado pintado epoxi, 100 micras de espesor, cor a elixir. Tapa en taboleiro, de espesor 13 mm, de fibras de alta densidade, resistente á humidade, con recubrimento melamínico en ambas as caras, cor branca. Canto espido, cor negra. Certificado ECODISEÑO segundo ISO 14006:2011.

7.1.1.1.3 TABURETE MODELO CYL (4 unidades)

Taburete modelo CYL - FORMA 5, ou similar, con base en taboleiro MDF, acabado lacado, e apoios a chan en polipropileno. Interior en taboleiro, recuberto con escuma de poliuretano de densidade 40 Kg/ m³, recuberto con fibra de 100 gr. Acabado totalmente tapizado, bicolor ou monocolor, a elixir. con tecido antibacteriano, resistencia á abrasión =200.000 ciclos Martindale, 37 cores a elixir. Incorpora un asa téxtil para facilitar o seu transporte. Certificado ECODISEÑO segundo ISO 14006:2011.

7.1.1.1.4 BUTACA MODELO GLOVE L (4 unidades)

Butaca de 1 praza modelo GLOVE L - FORMA 5, ou similar, con base xiratoria, de 4 radios, fabricada en aluminio inxectado, con acabado pulido ou pintado, a elixir. Monocarcasa, de asento e respaldo, totalmente tapizada con tecido antibacteriano, resistencia á abrasión

Xacobeo 21·22
CVE: dOh10QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

=200.000 ciclos Martindale, 37 cores a elixir. Certificado ECODISEÑO segundo ISO 14006:2011.

7.1.1.1.5 MESA AUXILIAR MODELO GLOBE L (2 unidades)

Mesa auxiliar modelo GLOVE L - FORMA 5, ou similar, de medidas 60x60x37,9 h cm. Base de catro radios en aluminio con acabado pulido ou pintado, a elixir. Columna en aluminio, acabado pintado. Apoios a chan de polipropileno. Tapa de 23 mm de espesor, en taboleiro recuberto con chapa de madeira acabado natural ou lacado, a elixir. Canto chaflán e esquinas redondeadas

7.1.1.2. B – ESPACIO COLABORATIVO

7.1.1.2.1 MESA MODELO LET´S (2 unidades)

Mesa modelo LET' S - FORMA 5, ou similar, de medidas 140x60x98,3 h cm. Estrutura formada por columnas en aceiro, de Ø60 mm, apoios en inxección de aluminio con niveladores en polipropileno e un traveseiro inferior, para unión de columnas-patas, en aceiro. Conxunto acabado pintado epoxi, 100 micras de espesor, cor a elixir. Tapa en taboleiro, de espesor 13 mm, de fibras de alta densidade, resistente á humidade, con recubrimento melamínico en ambas as caras, cor branca. Canto espido, cor negra. Certificado ECODISEÑO segundo ISO 14006:2011.

7.1.1.2.2 TABURETE MODELO LET´S SIT (10 unidades)

Taburete modelo LET' S SIT - FORMA 5, ou similar, con altura de asento 65,2 cm de altura. Base en balea maciza de aceiro, de Ø 11 mm, acabado pintado epoxi, 100 micras de espesor, cor a elixir. Asento tapizado con tecido antibacteriano, resistencia á abrasión =200.000 ciclos Martindale, 37 cores a elixir. Certificado ECODISEÑO segundo ISO 14006:2011.

7.1.1.3. C – TAQUILLAS

7.1.1.3.1 TAQUILLA MODELO CAMPUS -12 USUARIOS (2 unidades)

Módulo de taquillas para 12 usuarios, CAMPUS - FORMA 5, ou similar, de medidas totais 180x52,2x135 h cm. Base e laterais interiores en taboleiro de espesor 30 mm, densidade media 610 kg/ m³. Teito, laterais finais, estantes fixos de separación de ocos e traseiras en taboleiro de 19 mm, densidade media 630 kg/ m³. Totalidade de taboleiros acabados con recubrimento melamínico, 10 cores a elixir, deseño monocolor ou bicolor. Cantos perimetrais de PVC, acabado cor a xogo co taboleiro. Apoio a chan mediante patas en chapa de aceiro, espesor 4 mm, acabado pintado epoxi cor branca. Incopora niveladores de polipropileno. Portas con fechadura de pa con xiro 90º, bombillo extraíble, bisagras metálicas con sistema de autopeche, xiro 110º e topes para amortiguación de ruídos. Certificado ECODISEÑO segundo ISO 14006:2011.

7.1.1.3.2 TAQUILLA MODELO CAMPUS - 9 USUARIOS (2 unidades)

CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Módulo de taquillas para 9 usuarios, CAMPUS- FORMA 5, ou similar, de medidas totais 135x52,2x135 h cm. Base e laterais interiores en taboleiro de espesor 30 mm, densidade media 610 kg/ m³. Teito, laterais finais, estantes fixos de separación de ocos e traseiras en taboleiro de 19 mm, densidade media 630 kg/ m³. Totalidade de taboleiros acabados con recubrimento melamínico, 10 cores a elixir, deseño monocolor ou bicolor. Cantos perimetrais de PVC, acabado cor a xogo co taboleiro. Apoio a chan mediante patas en chapa de aceiro, espesor 4 mm, acabado pintado epoxi cor branca. Incopora niveladores de polipropileno. Portas con fechadura de pa con xiro 90º, bombillo extraíble, bisagras metálicas con sistema de autopeche, xiro 110º e topes para amortiguación de ruídos. Certificado ECODISEÑO segundo ISO 14006:2011.

7.1.1.4. D – CABINAS ACÚSTICAS

7.1.1.4.1 CABINA MONOPLAZA - SILENT ROOM 1x1 (2 unidades)

Subministración e montaxe de cabina SILENT ROOM S - NARBUTAS ou similar, de 1x1 formada por:

- Cabina con alfombra
- Paneis exteriores tapizados con tea e posibilidade de combinar cores. Dividido en 3 bloques con 5 paneis.
- Paredes acústicas internas tapizadas con posibilidade de combinar cores dividida en 3 bloques con 5 paneis con escuma fonoabsorvente
- Paredes frontais tapizadas con tea e con posibilidade de tapizado con combinación de cores dividido en 3 bloques con 5 paneis
- Porta de apertura a dereita ou a esquerda con perfil metálico e embelecedor en melamina cor a elixir. Vidro tépedo de 8mm. Manivela sen fechadura. Entrada a nivel de chan para accesibilidade.
- Teito de melamina con iluminación LED e sistema de ventilación a través de condutos especiais recuberto de material illante.
- Consola central con sistema de control intensidade iluminación LED e ventilación con power box incorporado para a configuración dos tempos e intensidade de luz, ventilación e apagado da cabina a través de conexión RJ45.
- Mesa 300x500 e altura de 146mm (1050mm do chan). Con AC power socket, cargador USB tipo A e C e con guía para cable HDMI ou LAN
- Sensor de movemento para maximizar a eficiencia enerxética e renovación do aire

7.1.1.4.2 CABINA BIPLAZA - SILENT ROOM 2X2 (1 unidad)

Subministración e montaxe de cabina SILENT ROOM M - NARBUTAS ou similar, de 2x2 formada por:

- Cabina con alfombra
- Paneis exteriores tapizados con tea e posibilidade de combinar cores. Dividido en 3 bloques con 5 paneis
- Paredes acústicas internas tapizadas con posibilidade de combinar cores dividida en 3 bloques con 5 paneis con escuma fonoabsorvente
- Paredes frontais tapizadas con tea e con posibilidade de tapizado con combinación de cores dividido en 3 bloques con 5 paneis
- Consolo central con sistema de control de intensidade de iluminación LED e ventilación con power box incorporado para a configuración dos tempos e intensidade de luz, ventilación e apagado da cabina a través de conexión RJ45.
- Mesa 600x700 (H=720mm)

Xacobeo 21·22

CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Unidade de alimentación (2 tomas de corrente CA e 1 cargador rápido USB tipo A e tipo C) para parede multimedia
- Porta de apertura a dereita ou esquerda con perfil metálico e embelecedor en melamina cor a elixir. Vidro con posta de vidro tépedo de 8mm con marco de metal e frontal melamina. Tirador de porta sen fechadura.
- Porta enrasada para accesibilidade
- Teito de melamina con iluminación LED e sistema de extracción de aire (ventilación)
- Sensor de movemento para maximizar a eficiencia enerxética e renovación do aire
- Pouf con respaldo (1000x600, H=300). Base de melmaina negra e soportes de plástico. Altura do asento 440mm.

7.1.2. SALA 1

7.1.2.1. A – ÁREA RELAX – POLIVALENTE

7.1.2.1.1 MÓDULO DE ASENTO MODELO LET´S SIT (3 unidades)

7.1.2.1.2 MESA MODELO LET´S MEET (3 unidades)

7.1.2.1.3 TABURETE MODELO CYL (6 unidades)

7.1.2.1.4 BUTACA MODELO GLOVE L (2 unidades)

7.1.2.1.5 MESA AUXILIAR MODELO GLOBE L (1 unidad)

7.1.2.2. B – TAQUILLAS

7.1.2.2.1 TAQUILLA MODELO CAMPUS - 9 USUARIOS (2 unidades)

7.1.2.2.2 TAQUILLA MODELO CAMPUS - 6 USUARIOS (2 unidades)

7.1.2.3. D – CABINAS ACÚSTICAS

7.1.2.3.1 CABINA MONOPLAZA - SILENT ROOM 1x1 (1 unidad)

7.1.2.3.2 CABINA BIPLAZA - SILENT ROOM 2X2 (1 unidad)

7.1.3. SEÑALÉTICA E ROTULACIÓN

7.1.3.1 DIRECCIONADOR MURAL PLACA METACRILATO INCOLORO RECICLABLE 50X80CM (2 unidades)

Direccionador placa metacrilato incoloro reciclábel de 10 mm rotulada con vinilo de corte dúas cores con cores corporativas tamaño 50x80 cm. Tacos separadores e embelecedores de latón instalada

Xacobeo 21·22

CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

7.1.3.2 VINILO DE CORTE A SOBRE PORTAS (1 unidad)

Produción, subministración e instalación de vinilo de corte cor a definir sobre portas de diferentes tamaños, prezo por UD.

1.2 ESPACIOS DE DIRECCIÓN

7.2.1 DIRECCIONADOR MURAL PLACA METACRILATO INCOLORO RECICLABLE 50X80CM (3 unidades)

7.2.2 VINILO DE CORTE A SOBRE PUERTAS (19 unidades)

1.3 ESPACIOS GCR

1.3.1 A - CABINAS ACÚSTICAS

7.3.1.1 CABINA MONOPLAZA - SILENT ROOM 1x1 (1 unidad)

1.3.2 SEÑALÉTICA E ROTULACIÓN

7.3.2.1 DIRECCIONADOR MURAL PLACA METACRILATO INCOLORO RECICLABLE 50X80CM (1 unidad)

7.3.2.2 VINILO DE CORTE A SOBRE PUERTAS (1 unidad)

7.3.2.3 VINILO DE CORTE A SOBRE MAMPARAS 118CM (12,950 m^2)

Produción, subministración e instalación de vinilo de corte cor a definir sobre biombos a unha altura de 118cm

1.4 POOL PLANTA ALTA

7.4.1 A - CABINAS ACÚSTICAS

7.4.1.1 CABINA MONOPLAZA - SILENT ROOM 1x1 (1 unidad)

7.4.1.2 CABINA BIPLAZA - SILENT ROOM 2X2 (1 unidad)

7.4.2 SEÑALÉTICA E ROTULACIÓN

7.4.2.1 DIRECCIONADOR MURAL PLACA METACRILATO INCOLORO RECICLABLE 50X80CM (1 unidad)

CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

7.4.2.2 VINILO DE CORTE A SOBRE PUERTAS (6 unidades)

Produción, subministración e instalación de vinilo de corte cor a definir sobre portas de diferentes tamaños

1.5 POOL PLANTA BAIXA

7.5.1 A – ÁREA RELAX – POLIVALENTE

7.5.1.1 MÓDULO DE ASENTO MODELO LET´S SIT (6 unidades)

7.5.1.2 MESA MODELO LET´S MEET (2 unidades)

7.5.1.3 TABURETE MODELO CYL (4 unidades)

7.5.1.4 BUTACA MODELO GLOVE L (2 unidades)

7.5.1.5 MESA AUXILIAR MODELO GLOBE L (1 unidad)

7.5.2 B – TAQUILLAS

7.5.2.1 TAQUILLA MODELO CAMPUS - 12 USUARIOS (2 unidades)

7.5.3 D – CABINAS ACÚSTICAS

7.5.3.1 CABINA MONOPLAZA - SILENT ROOM 1x1 (2 unidades)

7.5.3.2 CABINA BIPLAZA - SILENT ROOM 2X2 (1 unidad)

7.5.4 SEÑALÉTICA E ROTULACIÓN

7.5.4.1 DIRECCIONADOR MURAL PLACA METACRILATO INCOLORO RECICLABLE 50X80CM (1 unidad)

7.5.4.2 VINILO DE CORTE A SOBRE PORTAS (5 unidades)

7.5.4.3 PLACA METACRILATO INCOLORO RECICLABLE 10X10CM (2 unidades)

Laca metacrilato incoloro reciclábel de 10 mm rotulada con vinilo de corte dúas cores con cores corporativas tamaño 10x10 cm. Tacos separadores e embelecedores de latón instalada.

1.6 CINC PLANTA BAIXA

7.6.1 A – ÁREA RELAX – POLIVALENTE

CVE: dOhI0QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

7.6.1.1 BUTACA MODELO GLOVE L (2 unidades)

7.6.1.2 MESA AUXILIAR MODELO GLOBE L (1 unidad)

7.6.2 B – CABINAS ACÚSTICAS

7.6.2.1 CABINA MONOPLAZA - SILENT ROOM 1x1 (1 unidad)

7.6.3 C – TAQUILLAS

7.6.3.1 TAQUILLA MODELO CAMPUS - 9 USUARIOS (1 unidad)

7.6.3.2 TAQUILLA MODELO CAMPUS - 6 USUARIOS (1 unidad)

7.6.4 SEÑALÉTICA E ROTULACIÓN

7.6.4.1 DIRECCIONADOR MURAL PLACA METACRILATO INCOLORO RECICLABLE 50X80CM (1 unidad)

2. VARIOS

8.1 AXUDAS ALBANELERÍA A INSTALACIÓNS

8.1.1 AXUDAS DE ALBANELERÍA INSTALACIÓN ILUMINACIÓN (1 unidad)

Axudas de albanelería para instalalación de electricidade e iluminación. Execución e tapado de rozas con medios manuais, apertura de pases, tomas de caixas, etc..

2.2 XESTION DE RESIDUOS DE DEMOLICIÓN (1 unidad)

Xestión de residuos de demolición consistente na retirada por medios manuais dos residuos xerados na fase de demolición, carga en contedor e transporte a xestor de residuos autorizados.
O prezo corresponde á unidade de contedor de cascallos de 6 m3. Inclúe taxas, entrega e retirada de contedor e importe reciclaxe. Estimado 1 contedores.

Asinado por: PEREIRA ALVAREZ, MARIA DEL MAR
Cargo: Directora da Axencia
Data e hora: 19/05/2022 16:02:20
Asinado por: VAZQUEZ REBOREDO, ANA ISABEL
Cargo: Directora-Xerente Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Data e hora: 19/05/2022 14:51:22
CVE: dOh10QxULtR7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve